

TEXTO DEL REGLAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIUDADANA APROBADO INICIALMENTE POR EL PLENO MUNICIPAL DEL AYUNTAMIENTO DE NARÓN, EN SESIÓN CELEBRADA EL 31 DE OCTUBRE DE 2019 Y SOMETIDO A EXPOSICIÓN PÚBLICA POR ANUNCIO DEL BOP Nº 212 DE 7 DE NOVIEMBRE DE 2019

# REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIUDADANA DO CONCELLO DE NARÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

## TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto do regulamento

Artigo 2. Principios básicos

Artigo 3. Dereitos

Artigo 4. Deberes

Artigo 5. Ámbito de aplicación

## TÍTULO I. O DEREITO Á INFORMACIÓN

### CAPÍTULO I. O dereito á información individual

Artigo 6. Dereito á información

Artigo 7. Difusión das actuacións municipais

Artigo 8. Información de interese público

Artigo 9. Información escrita

Artigo 10. Acceso aos arquivos e rexistros municipais

### CAPÍTULO II. Do Servizo de información e atención á cidadanía

Artigo 11. Oficina de Atención á Cidadanía.

### CAPÍTULO III. Os medios de comunicación municipais

Artigo 12. Medios de comunicación municipais

Artigo 13. Páxina web e Redes sociais

### CAPÍTULO IV. Os estudos de opinión

Artigo 14. Sondaxes e estudos de opinión

Artigo 15. Enquisas de calidade

Artigo 16. Difusión das sondaxes

Artigo 17. Difusión das enquisas de calidade

## TÍTULO II. O DEREITO Á PARTICIPACIÓN

### CAPÍTULO I. O dereito de petición

Artigo 18. Definición

Artigo 19. Dereito de petición colectivo

Artigo 20. Contido da petición

Artigo 21. Falta de competencia da persoa destinataria da petición

### CAPÍTULO II. A consulta popular

Artigo 22. Asuntos sometidos a consulta popular

Artigo 23. Iniciativa da proposta consulta

### CAPÍTULO III. A iniciativa popular

Artigo 24. Exercicio da iniciativa popular

Artigo 25. Dos requisitos

Artigo 26. Tramitación

Artigo 27. Proposta de consulta popular

### CAPÍTULO IV. A audiencia pública

Artigo 28. Dereito á audiencia pública

Artigo 29. Da convocatoria

Artigo 30. Motivación

Artigo 31. Desenvolvemento

CAPÍTULO V. O dereito de intervención nos plenos municipais

Artigo 32. Das sesións

Artigo 33. Das intervencións no Pleno das Entidades Cidadás

CAPÍTULO VI. O dereito de intervención nos consellos

Artigo 34. Da participación das entidades

CAPÍTULO VII. O dereito de presentar queixas, felicitacións, reclamacións e suxestións

Artigo 35. Forma e medios para o seu exercicio

CAPÍTULO VIII: Participación cidadá na elaboración e tramitación de normas xurídicas municipais

Artigo 36. Dos procesos participativos

### TÍTULO III. AS ENTIDADES CIDADÁS MUNICIPAIS

CAPÍTULO I. Rexistro municipal de entidades cidadás

Artigo 37. Obxectivos e fins do rexistro

Artigo 38. Tipos de entidades que poden inscribirse

Artigo 39. Documentación que se debe presentar

Artigo 40. Resolución da inscrición

Artigo 41. Actualización e modificación de datos

Artigo 42. Publicidade dos datos

Artigo 43. Certificación dos datos do rexistro

CAPÍTULO II. A vontade municipal de fomentar e apoiar o asociacionismo e o voluntariado

Artigo 44. Colaboración do concello coas entidades cidadás

### TÍTULO IV.- OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

Artigo 45. Órganos de participación cidadá

## CAPÍTULO I. Os consellos sectoriais

Artigo 46. Definición

Artigo 47. Finalidade

Artigo 48. Constitución

Artigo 49. Composición

Artigo 50. Funcións e competencias

Artigo 51. Normas xerais de funcionamento

Artigo 52. Regulamento interno de funcionamento

## CAPÍTULO II. Os consellos territoriais

Artigo 53. Definición

Artigo 54. Finalidade

Artigo 55. Constitución

Artigo 56. Composición

Artigo 57. Funcións e competencias

Artigo 58. Normas xerais de funcionamento

Artigo 59. Regulamento interno de funcionamento

## CAPÍTULO III. O Consello xeral de Participación Cidadá

Artigo 60. Definición

Artigo 61. Finalidade

Artigo 62. Constitución

Artigo 63. Composición

Artigo 64. Funcións e competencias

Artigo 65. Normas xerais de funcionamento

Artigo 66. Regulamento interno de funcionamento

Artigo 67. Funcións da Concellaría de Participación Cidadá

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 26 de febreiro de 2009 o pleno do Concello de Narón prestaba aprobación definitiva ao Regulamento de Participación Cidadá, publicado no Boletín Oficial da provincia de A Coruña nº 63, do 18 de marzo dese ano. Na devandita norma recollíase unha exposición de motivos plenamente vixente hoxe en día, na que se recoñecía ao concello como o marco político - administrativo máis próximo á cidadanía, e o lugar ideal para que a democracia se poidera exercer de forma directa. Estimábase que a democratización do Concello demandaba, non só a representatividade dos/as cidadáns/as elixidos/as polo pobo para a toma de decisións, senón a intervención da cidadanía na planificación e control das actividades daqueles/as; isto é acadar a participación veciñal, entendida como elemento imprescindible para a profundización da democracia. A participación é a incorporación á tarefa municipal de toda acción de carácter solidario, ben sexa individual ou colectiva, co fin de lograr un recoñecemento pleno do/a veciño/a como suxeito de dereitos e non simple beneficiario/a de prestacións e servizos municipais, supuxo a efectiva creación e posta en funcionamento de diversos órganos participativos que cristalizaron no Consello xeral de Participación Cidadá, nos Consellos territoriais e nos Consellos Sectoriais. Así mesmo tras a aparición de diversas normas estatais e autonómicas propiciadoras da participación cidadá e da transparencia na xestión pública, o Concello foi quen de configurar espazos participativos na planificación e tramitación da súa normativa propia, que agora deben obter unha axeitada transposición a un novo regulamento que dea cabal satisfacción ás demandas cidadáns e permita a integración das novas tecnoloxías neses procesos de acercamento entre veciñanza e institución.

## **TÍTULO PRELIMINAR**

### **DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **Artigo 1. Obxecto do regulamento**

É obxecto do presente regulamento, a ordenación das formas, medios e procedementos de información e participación de veciños/as e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade co establecido nos artigos 1; 4.1 a); 18; 24 e do 69 ao 72 da Lei 7/1985,

do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante LBRL) e os artigos do 251 ao 257 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALGA).

## **Artigo 2.** Principios básicos

O Concello de Narón, a través deste Regulamento de participación cidadá, revela o seu compromiso ante os/as cidadáns/ás para fomentar a participación democrática e a transparencia nos asuntos públicos locais e pretende atinxir os obxectivos que se enumeran a continuación e que terán carácter de principios básicos:

- Facilitar a máis ampla información sobre as súas actividades, obras e servizos.
- Facilitar e promover a participación dos/as veciños/as e entidades cidadás na xestión municipal en relación ás facultades de decisión que corresponden aos órganos municipais representativos.
- Facer efectivos os dereitos dos/as veciños/as recollidos no artigo 18 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 252 da Lei Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Fomentar a vida asociativa no municipio.
- Aproximar a xestión municipal á cidadanía.
- Garantir a solidariedade e equilibrio entre os distintos núcleos de poboación do termo municipal.
- Promover o uso da lingua galega a todos os niveis no Concello de Narón.
- Promover a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e tamén doutros colectivos en situación de discriminación.

## **Artigo 3.** Dereitos

Os/as veciños/as do municipio de Narón teñen, nas súas relacións co concello, os seguintes dereitos:

- a) Ser elector/a e elixible de acordo co disposto na lexislación electoral.
- b) Participar na xestión municipal nos termos que se establecen neste regulamento, se é o caso, cando a colaboración con carácter voluntario dos/as veciños/as sexa interesada polos órganos de goberno e a administración municipal.

- c) A recibir axudas económicas e a usar os medios municipais, en función da súa representatividade e actividades.
- d) Contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.
- e) Ser informado/a, tras petición razoada, e dirixir solicitudes á Administración municipal en relación a todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución.
- f) Pedir a consulta popular nos termos previstos na lei.
- g) Exercer a iniciativa popular nos termos previstos no artigo 70 bis da LRBRL, na redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.
- h) Aqueles outros dereitos e deberes establecidos nas leis.
- i) O fomento do asociacionismo a través dos orzamentos municipais.
- l) A relacionarse coa Administración por medios electrónicos.

#### **Artigo 4. Deberes**

No marco dos deberes cívicos previstos na Constitución española e nas leis vixentes para toda a cidadanía, os/as veciños/as do Concello de Narón terán, entre outros, os deberes seguintes:

- a) Deber de colaboración no seu máis amplo sentido co concello, para o efecto de conseguir unha mellor prestación dos servizos municipais.
- b) Deber de facilitar a actuación municipal en todo o relativo á inspección, fiscalización e seguimento de todas as materias relacionadas co seu ámbito de competencia.
- c) Deber de solicitar as preceptivas licenzas e demais autorizacións municipais, precisas para o exercicio de calquera actividade sometida ao control da Administración municipal.
- d) Deber de coidar e respectar o municipio de Narón, a convivencia cos seus veciños e veciñas e coas persoas que o visitan.
- e) Deber de respectar a igualdade e a diversidade, tal e como establece a lei.

#### **Artigo 5. Ámbito de aplicación**

Os dereitos e deberes enumerados nos artigos 3 e 4, agás o sufraxio e o dereito a consulta popular e a iniciativa popular, recoñécense a calquera persoa ou entidade que poidan acreditar un interese lexítimo, sen que se requira estar empadroado no municipio, entendéndose como interese lexítimo o establecido na lei.

## **TÍTULO PRIMEIRO. O DEREITO Á INFORMACIÓN**

### **CAPÍTULO I. O dereito á información individual**

#### **Artigo 6. Dereito á información**

O Concello de Narón garántelles aos/ás cidadáns/ás do municipio o seu dereito á información sobre a xestión das competencias e servizos municipais de acordo coas disposicións legais, a Ordenanza de transparencia, acceso á información pública, reutilización de datos e bo goberno do Concello de narón, e a presente normativa, cos únicos límites previstos na lexislación aplicable.

O concello informará aos/ás cidadáns/ás da súa xestión a través dos medios de comunicación social, e mediante a edición de publicacións, folletos e bandos; páxinas web municipais e redes sociais; a colocación de carteis, paneis dixitais e valos publicitarios, taboleiros de anuncios e paneis informativos; proxección de vídeos, organización de actos informativos e cantos outros medios se consideren necesarios. Ao mesmo tempo poderá recoller a opinión dos/as cidadáns/ás e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, xuntanzas, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

#### **Artigo 7. Difusión das actuacións municipais**

As normas, acordos e, en xeral, as actuacións municipais, serán divulgadas para que poidan ser coñecidas polos/as cidadáns/ás e, como consecuencia, poidan exercer os seus dereitos e cumprir as súas obrigas.

#### **Artigo 8. Información de interese público**

Cando as circunstancias de interese público o aconsellen e tras a conformidade do órgano municipal competente, daranse a coñecer a toda a poboación que resida no municipio os acordos e disposicións municipais, sen prexuízo da preceptiva publicación nos boletíns oficiais.

#### **Artigo 9. Información escrita**



Os/as cidadáns/ás poderán solicitar por calquera dos medios previstos na lexislación vixente, información sobre as actuacións municipais e os seus antecedentes e, en xeral, sobre todos os servizos e actividades municipais. As peticións de información deberán ser razoadas, salvo que se refiran á obtención de copias e certificacións de acordos municipais e antecedentes destes.

Cando a solicitude faga referencia a asuntos da competencia doutras administracións públicas, a Oficina Municipal de Información e Atención á Cidadanía dirixiraa a quen corresponda, dando conta deste extremo á persoa interesada.

#### **Artigo 10. Acceso aos arquivos e rexistros municipais**

Os/as cidadáns/ás terán acceso á documentación dos arquivos e rexistros municipais, para informarse de actividades e asuntos relativos a competencias municipais, se acreditan un interese sobre estes. A petición deberá facerse de forma razoada a través do Rexistro Xeral do concello, conforme ao establecido no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común.

Sen prexuízo do anterior o acceso aos arquivos e rexistros deberá cumprir cos requisitos recollidos no Regulamento do Arquivo municipal do Concello de Narón aprobado polo Pleno municipal o día 28 de abril de 2006.

### **CAPÍTULO II. Do Servizo de información e atención á cidadanía**

#### **Artigo 11. Oficina de Atención á Cidadanía.**

Co obxectivo último de achegar a Administración á cidadanía, e dentro das posibilidades do concello, o antigo rexistro municipal ubicado nas dependencias municipais, eríxese nunha Oficina de Atención á Cidadanía, como ferramenta de modernización do concello, integrando tres tipos de atención - presencial, telefónica e telemática-, coas seguintes funcións específicas a desenvolver/implementar de acordo coas disponibilidades técnicas e humanos do propio concello:

1. De recepción dos/as cidadáns/ás, guiándoos/as ás diversas áreas ou dependencias municipais.
2. Satisfacer en tempo real as demandas sinxelas de información que formulen os/as cidadáns/ás, en xeral sobre o municipio: enderezos e teléfonos de interese, actos institucionais; centros culturais, recreativos e de ocio, horarios dos diferentes equipamentos municipais, etc.

3. Dar resposta ás demandas complexas de información que formulen os/as cidadáns/ás: datos identificativos dos servizos municipais (que son, para que serven, quen pode solicitalos, que dereitos proporciona, etc.), así como a documentación necesaria para solicitalos; trámites e procedementos administrativos (normativas reguladoras, prazos, efectos, etc.).
4. De entrega de impresos para as solicitudes que os/as cidadáns/ás desexen realizar, acompañada dun labor de revisión previamente a ser rexistrada, garantindo que a documentación achegada é a correcta.
5. De recepción e xestión eficaz das queixas, felicitacións e suxestións dos/as cidadáns/ás.
6. De xestión de trámites de resolución inmediata, é dicir, darase resposta en tempo real ás demandas de xestión dos/as cidadáns/ás que precisen dun procedemento interno e puntual.
7. De xestión do sistema de cita previa onde o concello se adapta ás necesidades dos/as cidadáns/ás que elixen día e hora para resolver demandas de información e de xestión de trámites administrativos que precisen dunha resposta personalizada das diversas áreas municipais.
8. De orientación e asesoramento aos/ás cidadáns/ás no exercicio do dereito fundamental de petición.

### **CAPÍTULO III. Os medios de comunicación municipais**

#### **Artigo 12. Medios de comunicación municipais**

O Concello de Narón fará o posible por distribuír a información municipal, potenciará os medios de comunicación municipais e propiciará o acceso a este dos/as cidadáns/ás e entidades inscritas no Rexistro municipal de entidades cidadás. Para facilitar o uso dos medios de comunicación municipais estableceranse canles e prazos, segundo as características do medio e o interese manifestado. Así mesmo, incorporará as tecnoloxías da comunicación para facilitar ao máximo a información municipal e a participación cidadá. O uso dos medios de comunicación requirirá a utilización de linguaxe e imaxes non sexistas e respectuosas coa igualdade.

O concello, de acordo coa previsión do súa Ordenanza de transparencia, acceso á información pública, reutilización de datos e bo goberno do Concello de Narón, publicará

na súa páxina web a orde do día dos plenos, xunta de goberno, así como as actas das sesións plenarias e os acordos da Xunta de Goberno.

### **Artigo 13.** Páxina web e redes sociais

Co obxecto de que os/as cidadáns/ás poidan tomar parte na vida pública do municipio, o concello facilitará o fomento e uso das tecnoloxías da comunicación, mediante a potenciación da súa páxina web que, entre outras cuestións, permita:

1. Facilitar ao máximo as xestións ante a Administración local a través da sede electrónica.
2. Mellorar a transparencia da Administración incorporando á rede toda a información de carácter público que se xere no municipio, as actuacións de interese xeral, a axenda de actividades do municipio, a normativa municipal, e as distintas convocatorias públicas para axudas e subvencións, actividades, etc.
3. Potenciar a relación entre administracións a través de redes telemáticas para beneficio dos/as cidadáns/ás.
4. Posibilitar a realización de trámites administrativos municipais.
5. Facilitarlle á poboación o coñecemento da rede asociativa local.
6. Propostas, opinións e suxestións sobre temas de interese para o municipio.

## **CAPÍTULO IV. Os estudos de opinión**

### **Artigo 14.** Sondaxes e estudos de opinión

O Concello de Narón poderá facer sondaxes de opinión á poboación co fin de coñecer a súa valoración sobre o funcionamento de calquera servizo municipal e/ou sobre cuestións de relevancia.

### **Artigo 15.** Enquisas de calidade

O concello poderá facer, enquisas de calidade ás persoas usuarias dos servizos municipais, para acadar a información necesaria que reverta nas oportunas accións de mellora destes, habilitando o espazo a tal fin.

### **Artigo 16.** Difusión das sondaxes

O concello dará a coñecer os resultados das sondaxes que realice a través dos medios de comunicación. Deixará ao alcance dos/as cidadáns/ás que o soliciten, a consulta da

documentación utilizada e a súa ficha técnica, habilitando, se é o caso, o espazo e o tempo axeitados.

#### **Artigo 17.** Difusión das enquisas de calidade

O concello dará a coñecer os resultados das enquisas de calidade a través dos seus medios de comunicación.

## **TÍTULO II. O DEREITO Á PARTICIPACIÓN**

### **CAPÍTULO I. O dereito de petición**

#### **Artigo 18.** Definición

Todas as persoas físicas e xurídicas, de forma individual ou en grupo, poderán exercer o dereito de petición, mediante o cal poderán formular solicitudes en temas de competencia municipal ou pedir aclaracións sobre as actuacións municipais.

#### **Artigo 19.** Dereito de petición colectivo

A petición poderá ser cursada individualmente, se ben todos/as os/as cidadáns/ás poderán exercer o dereito de petición de forma colectiva.

#### **Artigo 20.** Contido da petición

A petición poderá versar sobre calquera asunto comprendido no ámbito de competencias do/a destinatario/a da petición, sendo indiferente que o asunto afecte exclusivamente ao/a petionario/a ou sexa de interese colectivo ou xeral.

Como excepción, non serán obxecto deste dereito os asuntos e suxestións para os que exista un procedemento específico distinto do regulado pola Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición.

A petición deberá realizarse por escrito e será sempre contestada nos termos previstos na lexislación vixente. Utilizarase calquera medio que permita acreditar a súa autenticidade, a través do Rexistro Xeral do concello. O escrito deberá ter o seguinte contido:

- A identidade do/a petionario/a.
- A nacionalidade do/a petionario/a.
- O lugar ou medio electo para a práctica de notificacións.
- O obxecto da petición.

- O destinatario/a da petición.
- Nas peticións colectivas, sinatura de cada petionario/a.

O concello xustificará a recepción da petición no prazo de 10 días e será admitida a trámite a non ser que concorra algunha das seguintes circunstancias.

- Que exista insuficiencia de acreditación do/a petionario/a ou petionarios/as.
- Que o obxecto da petición non sexa competencia do concello.
- Que a petición teña un trámite administrativo específico.

No primeiro caso darase un prazo de 15 días para emendar a carencia de acreditación. Logo de que transcorra este prazo, entenderase desistido o procedemento. A inadmisión por calquera outra causa será obxecto de resolución motivada no prazo de 45 días, que comeza a contar a partir do seguinte ao da data de presentación da petición.

Se é admitida a trámite, o concello deberá responder nun prazo máximo de tres meses, informando se procede, das medidas que se tomaron para o efecto ou das actuacións que se prevé adoptar.

#### **Artigo 21.** Falta de competencia da persoa destinataria da petición

Cando a petición faga referencia a materias para as que sexan competentes outras institucións, administracións ou organismos, o órgano ou servizo municipal remitiráa no prazo de dez días a quen corresponda, dando conta deste extremo ao/a petionario/a.

## **CAPÍTULO II. A consulta popular**

#### **Artigo 22.** Asuntos sometidos a consulta popular

De conformidade co sinalado no artigo 257 da LALGA, o/a alcalde/sa, tras acordo por maioría absoluta do Pleno, poderá someter a consulta popular aqueles asuntos de competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses dos/as veciños/as, con excepción dos relativos á facenda local.

#### **Artigo 23.** Iniciativa da proposta de consulta

A iniciativa da proposta de consulta corresponde:

- a) Ao/a alcalde/sa, con acordo do Pleno pola maioría absoluta da Corporación, se un 5% da poboación maior de 18 anos solicita a consulta popular. O acordo de consulta

precisará os termos exactos nos que deberá de formularse. Os/as asinantes deben estar empadroados/as e reunir os requirimentos para ser electores/as, segundo a lexislación electoral.

b) O/a alcalde/sa poderá someter a consulta popular aqueles asuntos de competencia municipal e de especial relevancia que considere convenientes, tras o acordo da maioría absoluta do Pleno municipal.

En todo caso terán que cumprirse os trámites recollidos no artigo 257.3 da LALGA.

### **CAPÍTULO III. A iniciativa popular**

#### **Artigo 24. Exercicio da iniciativa popular**

Os/as veciños/as que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer a iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións, ou proxectos de regulamentos en materia de competencia municipal, nos termos regulados no artigo 70 bis da LRBRL de 2 de abril, sen prexuízo do disposto na lexislación autonómica correspondente sobre esta materia.

Ditas propostas poderán incorporar unha proposta de consulta popular local, sobre asuntos de especial relevancia para os intereses dos/as veciños/as, que, en caso de ser aprobada, se levará a cabo nos termos establecidos na regulación da mesma.

#### **Artigo 25. Dos requisitos**

Os/as promotores/as da iniciativa deben estar claramente identificados/as e débese reunir un 10% de sinaturas debidamente autenticadas de persoas maiores de idade e empadroadas no municipio conforme a lexislación vixente.

#### **Artigo 26. Tramitación**

A iniciativa deberá ser sometida a debate e votación no Pleno nun prazo máximo de 30 días a contar desde a súa representación, sen prexuízo de que sexa resolta polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, requirirase o informe previo de legalidade do/a secretario/a xeral do concello, así como o informe do/a interventor/a municipal, cando a iniciativa afecte a dereitos e obrigas de contido económico do concello. Unha vez que se elaboren os informes de legalidade pertinentes, a iniciativa será tratada na seguinte Xunta de Portavoces desde que se teñan eses informes na Secretaría Xeral do concello.

- No caso de que o Pleno municipal aprobe a iniciativa cidadá, con informe previo de legalidade, fará pública, sempre que fose necesario, a forma e calendario co que se levará a cabo e habilitará a partida económica correspondente.

#### **Artigo 27.**Proposta de consulta popular

A iniciativa pode levar incorporada unha proposta de consulta popular local que será tramitada polo procedemento e cos requisitos previstos no artigo 71 da LBRL.

### **CAPÍTULO IV. A audiencia pública**

#### **Artigo 28.** Dereito á audiencia pública

Os/as cidadáns/ás teñen o dereito á audiencia pública por parte do/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue, a cal consiste en facer sesións específicas abertas a todos/as os/as que o desexen, para ser informados/as e escoitados/as respecto de temas de competencia municipal nos que se manifeste un interese lexítimo.

#### **Artigo 29.** Da convocatoria

A audiencia pública será convocada polo/a alcalde/sa, xa sexa a iniciativa propia ou ben a petición das entidades ou asociacións cidadás ou incluso de cidadáns/ás particulares, sempre e, en todos os casos, cando se presenten como mínimo un 10% de sinaturas debidamente autenticadas de persoas maiores de idade e empadroadas no ámbito onde se pretenda celebrar a audiencia.

Tamén se poderá convocar a petición de:

-o 20% das entidades inscritas no rexistro do concello

-3 consellos sectoriais

-o Consello de Participación Cidadá

Este procedemento enténdese de carácter excepcional para garantir que no caso de que os veciños non fosen recibidos e escoitados polo alcalde/as ou concelleiro/a en quen delegue, poidan ser escoitados.

#### **Artigo 30.** Motivación

Os/as solicitantes da audiencia presentarán un escrito razoado no Rexistro Xeral do concello, xuntando unha memoria sobre o asunto a tratar. Unha vez que se reciba a

documentación, o/a alcalde/sa convocará a audiencia pública que deberá celebrarse nos trinta días seguintes.

De igual forma, o/a alcalde/sa convocará en audiencia pública aos/as veciños/as afectados/as por actuacións relevantes. Así mesmo, o ámbito da convocatoria poderá abarcar un barrio ou varios.

### **Artigo 31. Desenvolvemento**

A audiencia pública descrita desenvolverase en:

- 1- Presentación, a través dun ou dunha único/a portavoz, do relatorio ou tema a tratar.
- 2- Intervención do/a responsable político.
- 3- Intervención do/a portavoz da veciñanza. A intervención será regulada polo/a alcalde/esa a través dun/dunha único/a portavoz e como mínimo será de 5 minutos.
- 4- Réplica do/a responsable político.
- 5- Conclusións.

## **CAPÍTULO V. O dereito de intervención nos plenos municipais**

### **Artigo 32. Das sesións**

1. As sesións do Pleno son públicas, salvo nos casos previstos no artigo 70.1 da LRBRL.
2. Non son públicas as sesións da Xunta de Goberno Local nin das comisións informativas. Non obstante, as sesións destas últimas poderán convocarse con carácter excepcional e acordado pola presidencia de cada órgano para os únicos efectos de escoitar o seu parecer ou recibir o seu informe respecto a un tema concreto, a representantes das entidades a que se refire o artigo 72 da LBRL.

### **Artigo 33. Das intervencións no Pleno das Entidades Cidadás**

1. Cando algunha das entidades a que se refire o artigo 72 da LRBRL, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás, desexe efectuar unha exposición ante o Pleno en relación con algún punto da orde do día, previamente ditaminado na comisión correspondente, en cuxa previa tramitación administrativa interviñera como interesado ou nunha materia da cal se poida discrecionalmente considerar que teña interese específico en razón a unha concreta relación daquel punto co obxecto social estatutario, deberá solicitalo por escrito ao alcalde ou alcaldesa, polo menos 24 horas



antes de comezar a sesión. Coa autorización deste/a e a través dun único representante, poderá expor o seu parecer durante o tempo que sinale o/a alcalde/sa, que non será inferior a 5 minutos, despois da lectura, e con anterioridade ao debate e votación da proposta incluída na orde do día. En todo caso, terá que cumprir coas seguintes premisas:

- a) O asunto obxecto da intervención terá que estar directamente relacionado con outro incluído na orde do día da sesión.
- b) A Alcaldía poderá denegar motivadamente a intervención, especialmente se é un asunto sobre o cal o concello non ten competencias ou se xa foi presentado noutra sesión nun período anterior a 3 meses.
- c) En ningún caso se admitirán intervencións nas mocións políticas nin nas sesións extraordinarias e urxentes.

Unha vez rematada a sesión do Pleno o/a alcalde/sa poderá establecer unha quenda de rogos e preguntas para o público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Correspóndelle ao/a alcalde/sa ordenar e pechar esta quenda.

2. Os/as representantes das distintas entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás poderán presentar por escrito ao concello todas as cuestións que consideren oportunas para que se lles dea contestación a través do órgano competente, e no prazo que a lei estableza.

3. O concello entregará a orde do día do Pleno de forma telemática, con opción de confirmación, coa antelación que fose posible.

4. Deberán ser incluídas na orde do día da comisión informativa correspondente as mocións presentadas por parte das entidades cidadás que representen a un 25 % da representación sectorial ou do 50% dun consello territorial.

## **CAPÍTULO VI. O dereito de intervención nos consellos**

### **Artigo 34. Da participación das entidades**

As entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás terán dereito a participar nos órganos dos consellos na proporción e representación que se establece neste regulamento.

## **CAPÍTULO VII. O dereito de presentar queixas, felicitacións, reclamacións e suxestións**

### **Artigo 35.** Forma e medios para o seu exercicio

1. Para que un/unha cidadán/á poida exercer as súas demandas, felicitacións, reclamacións ou suxestións sobre as actuacións da corporación ou algún dos seus organismos, poñerase a disposición do público un dispositivo adecuado a tal fin.
2. Todas as reclamacións ou denuncias que se presenten recibirán resposta, no prazo legalmente establecido.
3. O silencio administrativo será negativo, pudiendo recorrer o/a cidadá polas vías legalmente establecidas.

## **CAPÍTULO VIII: A participación cidadá na elaboración e tramitación de normas xurídicas municipais**

### **Artigo 36.-** Dos procesos participativos

O Concello de Narón na sesión plenaria celebrada o 29 de xuño de 2017, prestou aprobación ás directrices sobre a planificación, revisión e procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais neste consistorio, entendidas de acordo coa normativa de réxime xurídico, como pautas ou instrucións para a consecución dun fin, nas que se prevé, co fin de acadar unha superior predictibilidade do noso ordenamento xurídico municipal, a aprobación no mes de outubro de cada ano natural, dun PLAN NORMATIVO ANUAL, no que se recollerán as propostas regulamentarias que vaian a ser elevadas ou estea previsto elevar, para a súa aprobación, o exercicio seguinte.

Os/as interesados/as (persoas físicas maiores de 16 anos empadroadas no Concello de Narón, ou que acrediten a condición de interesados/as, así como as organizacións e asociación legalmente constituídas que puidesen resultar potencialmente afectadas pola futura norma) poderán intervir nos seguintes procesos participativos desas disposicións xurídicas:

Trámite de Consulta previa: Con carácter previo á redacción do texto dos proxectos de ordenanzas e regulamentos municipais, formularase pola alcaldía unha consulta pública por 15 días naturais (ampliábelos se se considera necesario pola alcaldía) a través do portal web de transparencia, na que se recabará a opinión da cidadanía e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura ordenanza ou

regulamento, nos termos establecidos no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Trámite de audiencia: Unha vez rematado o período de presentación de suxerencias no trámite de consultas, os servizos municipais elaborarán un primeiro borrador da disposición normativa de que se trate, que será debidamente publicada na web de transparencia municipal, a fin de aperturar un período de audiencia novamente por 15 días naturais, durante o cal os cidadáns poderán efectuar as aportacións que estimen pertinentes.

Rematado o prazo de audiencia e revisadas as suxerencias presentadas redactarase o texto da normativa (coa inclusión ou rexeitamento motivado daquelas) que será aprobada inicialmente polo pleno municipal, e publicada no Boletín Oficial da Provincia a efectos de alegacións, de acordo cos trámites legalmente previstos, como paso previo a súa aprobación definitiva e entrada en vigor.

### **TÍTULO III. AS ENTIDADES CIDADÁS MUNICIPAIS**

Enténdese por entidades cidadás aquelas entidades que non teñen ánimo de lucro e que teñan por obxecto a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais dos/as veciños/as.

#### **CAPÍTULO I. Rexistro Municipal de Entidades Cidadás**

##### **Artigo 37. Obxectivos e fins do Rexistro**

O Rexistro Municipal de Entidades Cidadás ten por obxecto permitirlle ao concello coñecer as entidades existentes no municipio, os seus fins e representatividade e así poder realizar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo cidadán. Ten polo tanto dous obxectivos fundamentais:

- a) Recoñecer as entidades inscritas e garantirlles o exercicio dos dereitos recoñecidos neste regulamento e na lexislación vixente.
- b) Permitirlle ao concello coñecer en todo momento os datos máis importantes da sociedade civil do municipio, a representatividade e o seu grao de interese ou utilidade cidadá.

### **Artigo 38.** Tipo de entidades que se poden inscribir

Poden obter a inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás todas aquelas cuxo obxecto sexa a defensa, fomento ou mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos/as veciños/as do municipio e, en particular, as asociacións de veciños/as dun barrio, parroquia ou distrito, as de pais e nais de alumnos/as, as entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís, da muller, da diversidade, de carácter social e calquera outra similar, legalmente constituídas e que teñan en Narón a súa sede social e ademais desenvolvan as súas actividades no termo municipal de Narón, así como aquelas que aínda tendo a sede social noutro municipio se considere que desenvolven un labor de interese social importante para o municipio de Narón.

Para poder acceder aos recursos municipais será preciso que as entidades se inscriban formalmente no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás. As entidades que se inscriban no rexistro creado para tal fin, sexa cal sexa a súa forma xurídica, non poderán ser partidos políticos nin formar parte de coalicións electorais, non poderán ser sindicatos, nin organizacións relixiosas. Non poderán ser entidades cuxos fins sexan de carácter racista, xenófobo ou discriminatorio en razón de sexo, ou opción sexual ou de xénero, e calquera tipo de entidade que atente contra os dereitos humanos.

### **Artigo 39.** Documentación que se debe presentar

As entidades que aspiren a inscribirse neste rexistro deberán presentar:

- a) Instancia dirixida ao alcalde ou alcaldesa solicitando a inscrición.
- b) Estatutos da entidade, aprobados polo órgano competente.
- c) Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- d) Acta de constitución, ou acta da asemblea xeral de socios/as, que acredite a personalidade dos membros da xunta directiva ou, no seu caso, certificación expedida polo/a secretario/a acreditativa deses extremos.
- e) Enderezo postal e electrónico da entidade. Teléfonos de contacto da entidade.
- f) Certificado do/a secretario/a da entidade indicando o domicilio social daquela.
- g) Tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- h) Certificación do/a secretario/a na que se indique o número de socios/as inscritos/as no momento da solicitude, coa especificación da porcentaxe de homes e mulleres que conforman o total de asociados/as.

- i) Programa anual de actividades.
- j) Orzamento.

**Artigo 40.** Resolución da inscrición

No prazo de 15 días desde a solicitude de inscrición, salvo que esta se tivese que interromper pola necesidade de emendar deficiencias na documentación, o/a alcalde/sa decretará a inscrición da entidade no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás e notificaráselles esta resolución aos/ás interesados/as. A partir deste momento considerarase de alta para todos os efectos.

**Artigo 41.** Actualización e modificación de datos

As entidades inscritas están obrigadas a notificarlle ao Concello, mediante a presentación no Rexistro Xeral, calquera modificación dos datos incluídos na documentación que servise de base para a inscrición, dentro do mes seguinte ao da data en que tal modificación se producise.

Entre o 1 xaneiro e o 31 de marzo de cada ano as entidades teñen a obriga de presentar no Rexistro do concello a seguinte documentación:

- a) Programa anual de actividades.
- b) Orzamento.
- c) Nº de socios a 31 de decembro, coa especificación da porcentaxe de homes e mulleres que conforman o total de asociados/as.
- d) Nomes das persoas que ocupan os cargos na xunta directiva, enderezos e teléfonos de contacto da entidade.
- e) Copia da acta da asemblea que acredita esa xunta directiva.

O incumprimento por parte das entidades do estipulado con anterioridade, dará lugar a que o concello poida dar de baixa a entidade cidadá no rexistro, coa conseguinte perda de seus dereitos. Antes de dar de baixa a unha asociación comunicárselle con antelación e daráselle audiencia, en caso de que a soliciten.

**Artigo 42.** Publicidade dos datos

O Rexistro Municipal de Entidades Cidadás será único, levarase na Secretaría Xeral da Corporación e os seus datos xerais serán públicos, coas restricións que en todo momento prevexa a normativa vixente.

Anualmente elaborarase e actualizarase o ficheiro de entidades cidadás que incluíra os datos xerais individualizados que declarasen as entidades no momento da súa inscrición no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás ou da súa renovación neste.

Anualmente elaborarase un ficheiro de cada unha das entidades cidadás cos datos que consten no Rexistro Municipal de Entidade Cidadás, e as subvencións municipais que teñan recibido e o motivo. Este ficheiro enviarase a todas as entidades inscritas no rexistro e estará accesible na páxina web municipal.

#### **Artigo 43.** Certificación dos datos do rexistro

As certificacións expedidas sobre os datos rexistrados serán documentos únicos para acreditar a condición da inscrición e a natureza da entidade cidadá en cuestión.

## **CAPÍTULO II. A vontade municipal de fomentar e apoiar o asociacionismo e o voluntariado**

#### **Artigo 44.** Colaboración do Concello coas Entidades Cidadás

O asociacionismo é a expresión colectiva do compromiso dos/as veciños/as co seu municipio e o voluntariado unha das súas expresións máis comprometidas e transformadoras.

É unha expresión clara da vontade política do concello, crear condicións favorables para que o exercicio dos dereitos dos/as veciños/as, organizados en asociacións locais para participar na multiplicidade de asuntos relacionados co seu municipio sexa un feito.

Para conseguir que as entidades cidadás poidan desenvolver as súas actividades con plenas garantías o concello colaborará en:

- Programas de formación e capacitación na xestión, na dinamización e no impulso do movemento asociativo.
- Servizos de asesoramento, a diferentes niveis de participación e xestión, incluída a xestión compartida das instalacións e servizos municipais.
- A achega de recursos para promover a realización das súas actividades.
- A dotación a todas as parroquias e barrios de instalacións para o desenvolvemento das súas actividades.
- Incorporar á igualdade e a perspectiva de xénero á actividade asociativa.

A participación das entidades nos plenos e outros órganos municipais regúlase nos apartados pertinentes.

## **TÍTULO IV. OS ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

### **Artigo 45. Órganos de participación cidadá**

Articúlase a participación cidadá na corporación municipal a través dos seguintes órganos:

- Consellos sectoriais
- Consellos territoriais
- Consello xeral de Participación Cidadá.

No non previsto neste regulamento serán de aplicación supletoria as disposicións xerais sobre réxime local e as que no seu caso dite o goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **CAPÍTULO I. Os consellos sectoriais**

### **Artigo 46. Definición**

O Pleno da Corporación poderá acordar o establecemento de consellos sectoriais, que terán como finalidade a de canalizar a participación da cidadanía e das súas asociacións ou entidades nos asuntos municipais. Os consellos sectoriais desenvolverán exclusivamente funcións de informe, consulta e, se é o caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais ou veciñais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada consello.

Por cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal, poderanse crear consellos sectoriais, que teñan como fin a participación na xestión mediante o asesoramento e consulta aos diferentes órganos do concello nos temas da súa competencia.

### **Artigo 47. Finalidade**

Os consellos sectoriais teñen a finalidade de promover e canalizar a participación das entidades cidadás e da cidadanía nos diferentes sectores da vida local en que o concello ten competencia, facendo así posible unha maior corresponsabilización dos/as veciños/as nos asuntos públicos do municipio.

#### **Artigo 48.** Constitución dos consellos

O concello aprobará en sesión plenaria, tras un informe da comisión informativa que corresponda, a creación e composición dos consellos sectoriais que considere adecuados para o fomento da participación cidadá, para cada un dos sectores ou áreas de actividade municipal.

Poderanse crear consellos sectoriais de ensino, sanidade, medioambiente, igualdade, violencia de xénero, persoas maiores, xuventude, diversidade, e todos aqueles que a corporación considere oportuno, ou por petición dos sectores implicados.

#### **Artigo 49.** Composición

Constituirán os consellos sectoriais:

- Presidencia: o/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.
- Un/unha vicepresidente/a: o/a concelleiro/a elixido/a polo Pleno.
- Un/unha concelleiro/a por cada un dos grupos políticos que forman parte da Corporación.
- Un/unha representante por cada unha das entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás relacionadas co sector e con interese na materia, que deberá ser nomeado/a polo Pleno a proposta da entidade.
- En todos os consellos haberá tamén, con voz e sen voto, un/a funcionario/a municipal en calidade de secretario/a.
- Por petición da presidencia poderase solicitar a presenza de persoal técnico do concello con voz pero sen voto.
- A composición dos consellos sectoriais será, preferentemente, de carácter paritario.

#### **Artigo 50.** Funcións e competencias

Son competencia dos consellos sectoriais:

1. Fomentar a protección e a promoción da calidade de vida dos sectores implicados.
2. Fomentar a participación directa das persoas, entidades e dos sectores afectados ou interesados, establecendo para este efecto os mecanismos necesarios de información, estímulo e seguimento das súas actividades.
3. Informar ao concello, a través do consello sectorial, sobre os problemas específicos do sector.



4. Propoñer solucións alternativas aos problemas máis concretos do sector, sendo de obrigada consideración e estudo por parte do concello.
5. Seguimento no cumprimento dos acordos adoptados polo concello sobre as propostas do consello sectorial, dándolle traslado do texto completo dos acordos e dos informes técnicos correspondentes se fose necesario.
6. Consulta previa ao consello sectorial por parte do concello en todos os asuntos de transcendencia que afecten ao sector.
7. Elaborar propostas relativas ao ámbito de actuación de cada consello sectorial.
8. Resolver sobre as solicitudes formuladas por asociacións, entidades ou institucións cara á súa incorporación ao correspondente consello.
9. Cada consello sectorial terá ademais as funcións específicas que determine o seu regulamento.
10. Manter as reunións necesarias coas distintas áreas municipais para o seguimento e control dos acordos tomados coa periodicidade que dite o regulamento que rexe o seu funcionamento.
11. Garantir o cumprimento do principio de igualdade e a transversalidade de xénero na súa actuación.

#### **Artigo 51.** Normas xerais de funcionamento

Os consellos sectoriais son elementos claves de participación da cidadanía nos asuntos públicos. Entendidos así, as diferentes áreas municipais deben impulsar e coordinar o seu traballo.

Por estas razóns, todos os consellos sectoriais cumprirán as seguintes normas xerais de funcionamento:

- Reuniranse, como mínimo, unha vez ao semestre con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cantas veces sexa preciso a xuízo da presidencia ou cando o soliciten un mínimo dun terzo dos membros do consello.
- Remitirán unha acta de todas as xuntanzas, non só aos membros do consello senón tamén a todas as asociacións relacionadas co sector.
- Cada ano o consello sectorial debaterá e aprobará un informe das actuacións realizadas durante o período e propoñerá iniciativas para melloralas. Este informe

incluirá un apartado dedicado á transversalidade de xénero no traballo anual, e será presentado ao Consello de Participación Cidadá.

#### **Artigo 52.** Regulamento interno de funcionamento

Unha vez constituídos os consellos sectoriais, elaborarán un regulamento interno de funcionamento, que terá en conta o principio de igualdade e a transversalidade de xénero. Este regulamento, informado favorablemente polo consello correspondente, e polo Consello Xeral de Participación Cidadá, deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación, tras o ditame favorable da comisión informativa correspondente.

### **CAPÍTULO II. Os consellos territoriais**

#### **Artigo 53.** Definición

Os consellos territoriais son órganos de participación que teñen a función de canalizar a participación da cidadanía a través das súas entidades nos asuntos municipais, pero limitadas a un ámbito territorial específico: a parroquia (zona rural) e o barrio (zona urbana).

#### **Artigo 54.** Finalidade

Os consellos territoriais desenvolverán exclusivamente funcións de informe, consulta e, se é o caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais ou veciñais relativas á parroquia a que corresponda cada consello.

#### **Artigo 55.** Constitución dos consellos

O concello aprobará en sesión plenaria, tras o informe da comisión informativa que corresponda, a creación e composición dos consellos territoriais.

Estes órganos constituiranse a proposta:

- a) Do/da alcalde/sa.
- b) A proposta dos grupos políticos con representación no concello

#### **Artigo 56.** Composición

Constituirán os consellos territoriais:

- Presidencia: o/a alcade/sa ou concelleiro/a en quen delegue.
- Vicepresidencia: o/a concelleiro/a elixido/a polo Pleno.

- Un/unha concelleiro/a por cada un dos grupos políticos que forman parte da Corporación.
- Un/unha representante por cada unha das entidades inscritas no rexistro municipal de entidades con domicilio no territorio do consello, a proposta de cada unha delas, que deberá ser nomeado/a polo Pleno a proposta da entidade.
- Un/unha secretario/a elixido/a por maioría do consello.
- A composición dos consellos territoriais será, preferentemente, de carácter paritario.

### **Artigo 57. Funcións e competencias**

Son competencia dos consellos territoriais.

- 1) Fomentar a participación directa da cidadanía particularmente dos colectivos en situación de discriminación e desempoderados, por medio das entidades do territorio, na actividade do concello, establecendo para estes efectos os mecanismos necesarios de información, impulso e seguimento das súas actividades.
- 2) Recadar propostas cidadás e informar aos órganos de goberno do consello do funcionamento dos servizos municipais do territorio presentando propostas para o seu mellor funcionamento.
- 3) Presentar ao concello, anualmente, o estado de necesidades e problemas específicos do territorio, con indicación de prioridades, e estimación de poboación beneficiada desagregada por sexo, para a súa posible inclusión no plan de actuación municipal.
- 4) Analizar os elementos do plan de actuación municipal que afecten ao territorio de que se trate. O concello informará ao consello das actuacións que se van acometer na parroquia.
- 5) Facilitar a maior información e publicidade sobre as actividades e acordos municipais, e do consello territorial en particular.
- 6) Colaborar co concello na solución dos problemas do territorio e axudar na aplicación de políticas que prevexan situacións de risco, conflitos veciñais e causas de inseguridade e marxinação.
- 7) Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual entre organizacións potenciando a coordinación entre as diferentes institucións ou entidades que actúen no territorio xa sexan públicas ou privadas.

- 8) Recadar información, tras a petición de temas de interese, para o consello.
- 9) Resolver sobre as solicitudes formuladas por asociacións ou entidades cara á súa incorporación ao correspondente consello.
- 10) Seguimento no cumprimento dos acordos adoptados polo concello sobre as propostas do consello territorial, dándolle traslado do texto completo dos acordos e dos informes técnicos correspondentes se fose necesario.
- 11) Manter as reunións necesarias coas distintas áreas municipais para o seguimento e control dos acordos tomados, coa periodicidade que dite o regulamento que rexe o seu funcionamento.
- 12) Garantir o cumprimento do principio de igualdade e a transversalidade de xénero na súa actuación.
- 13) Os consellos territoriais poderán presentar mocións ás comisións informativas correspondentes.
- 14) Cada consello territorial terá, ademais, as funcións específicas que determine o seu regulamento.

#### **Artigo 58.** Normas xerais de funcionamento

Os consellos territoriais son elementos claves de participación da cidadanía nos asuntos públicos, coa limitación a un ámbito territorial específico como son as parroquias. Entendidos así, as diferentes áreas municipais deben impulsar e coordinar o seu traballo.

Por estas razóns, todos os consellos territoriais cumprirán as seguintes normas xerais de funcionamento:

- Reuniranse, como mínimo, unha vez ao semestre con carácter ordinario, e con carácter extraordinario cantas veces sexa preciso a xuízo da presidencia ou cando o soliciten un mínimo dun terzo dos membros do consello.
- Remitirán unha acta de todas as xuntanzas non só aos membros do consello, senón tamén a todas as asociacións e entidades relacionadas coa parroquia.
- Cada ano o consello territorial debaterá e aprobará un informe das actuacións realizadas durante o período e propoñerá iniciativas para melloralas. Este informe incluírá un apartado dedicado á transversalidade de xénero no traballo anual, e será presentado ao Consello de Participación Cidadá.

### **Artigo 59.** Regulamento interno de funcionamento

Unha vez constituídos os consellos territoriais, elaborarán un regulamento interno de funcionamento que deberá ser aprobado polo Pleno da corporación, tras un informe da comisión informativa correspondente.

Ante calquera dúbida, se estará ao que dispoña a lexislación de réxime xurídico.

## **CAPÍTULO III. O Consello Xeral de Participación Cidadá**

### **Artigo 60.** Definición

O Consello Xeral de Participación Cidadá é o órgano máis amplo de participación na xestión municipal, desde o que se analizan e coordinan as actuacións que afecten ó conxunto do municipio.

### **Artigo 61.** Finalidade

Teñen a finalidade de promover, canalizar e debater en torno aos diferentes temas que afecten á vida cotiá do municipio no seu conxunto, facendo posible unha maior corresponsabilización dos/as veciños/as nos asuntos do municipio.

Ademais, o Consello Xeral de Participación Cidadá será informado polos diversos consellos municipais sectoriais e consellos territoriais coa finalidade de desenvolver os obxectivos de participación.

### **Artigo 62.** Constitución

O Concello de Narón aprobará en sesión plenaria a creación do Consello de Participación Cidadá e a súa concreta composición.

### **Artigo 63.** Composición

Para o efecto de determinar o grao de participación dos diferentes axentes políticos e sociais, en función da súa representatividade e poboación, constituirán o Consello Xeral de Participación Cidadá:

- Como presidente/a: o/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue.
- Como vicepresidente/a: o/a concelleiro/a elixido/a polo Pleno.
- Un/unha concelleiro/a por cada grupo político municipal por proposta de cada un/a deles/as.

- Un representante de cada asociación de veciños/as da zona urbana de Narón, que deberán ser nomeadas polo Pleno a proposta da entidade.
- Un/unha representante de cada asociación de veciños/as da zona rural de Narón que deberá ser nomeado/a polo Pleno a proposta da entidade.
- Un/unha representante de cada un dos consellos sectoriais que se creen, que deberá ser nomeado/a polo Pleno a proposta da entidade.
- Un/unha representante de cada un dos consellos territoriais que se creen, que deberá ser nomeado/a polo Pleno a proposta das entidades que o conforman.
- O/a secretario/a da Corporación municipal ou persoa en quen delegue.
- A composición do Consello Xeral de Participación Cidadá será, preferentemente, de carácter paritario.

#### **Artigo 64.** Funcións e competencias

As funcións do Consello Xeral de Participación serán as seguintes:

1. Proporcionar información ao concello e este ao Consello de Participación Cidadá sobre os problemas xerais deste.
2. Achegar ao concello as propostas e alternativas adoptadas nas sesións do Consello de Participación Cidadá.
3. Debater e valorar as conclusións dos estudos e traballos sobre temas estratéxicos que realice o concello.
4. Ser consultado polo concello ou polas comisións informativas en asuntos de interese específico para o municipio, estando obrigado a dar resposta.
5. Debater e valorar os temas de interese xeral que presenten os consellos sectoriais e os consellos territoriais.
6. A Corporación municipal facilitará tanto ao Consello Xeral de Participación Cidadá como aos consellos sectoriais o orzamento ordinario detallado en partidas e por programas, co tempo suficiente para que cada consello sectorial poida ter opinión, proporcionar ideas e achegar propostas a este orzamento., e aportar un informe de impacto de xénero do orzamento presentado
7. Manter as reunións necesarias coas distintas áreas municipais para o seguimento e control dos acordos tomados coa periodicidade que dite o regulamento que rexe o seu funcionamento.

8.- Garantir o cumprimento do principio de igualdade e a transversalidade de xénero na súa actuación.

Son competencia do Consello Xeral de Participación Cidadá:

1. Facilitar e promover a participación da cidadanía nas distintas áreas de xestión do concello.
2. Promover e fomentar o asociacionismo e a colaboración individual e entre organizacións.
3. Impulsar a creación de estruturas participativas.
4. Fomentar a aplicación de políticas e actuacións municipais integrais.
5. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ao concello, para ser trasladadas ao órgano competente.
6. Ser informados respecto daqueles temas de interese para o consello.
7. Ser informados, tras unha petición, de cantos asuntos se demanden.
8. Coordinar as actuacións e propostas dos consellos sectoriais.
- 9.- Garantir o cumprimento do principio de igualdade e a transversalidade de xénero na actuación dos distintos consellos sectoriais e territoriais.

#### **Artigo 65.** Normas xerais de funcionamento

1. O Consello Xeral de Participación Cidadá reunirse unha vez ao semestre con carácter ordinario e, con carácter extraordinario, cantas veces sexa preciso a xuízo da presidencia ou o solicite, polo menos, a metade dos membros.
2. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta.
3. De cada xuntanza que se celebre redactarase unha acta na que consten os nomes dos membros asistentes, os asuntos examinados e os informes emitidos.
4. Para a válida constitución do consello, requírese a asistencia da metade máis un do número legal de membros en primeira e un terzo en segunda convocatoria.
5. O Consello Xeral de Participación Cidadá poderá formar no seu seo as comisións de estudo que considere convenientes, respectando na súa composición a proporción que existe no propio consello.
6. A Delegación de Participación Cidadá dotará ao consello dos medios humanos e materiais necesarios para o cumprimento da súa función.

7. Anualmente elaborarase unha memoria de actividades do Consello de Participación Cidadá que se dará a coñecer a través dos medios de comunicación de carácter municipal. Esta memoria incluírá un apartado dedicado á transversalidade de xénero no traballo anual.

8. O Consello Xeral de Participación Cidadá elixirá de entre os seus membros unha comisión de control do regulamento de participación cidadá. A composición da comisión de control será, preferentemente, de carácter paritario. As funcións da comisión de control serán reguladas no regulamento interno do Consello de Participación Cidadá.

#### **Artigo 66.** Regulamento interno de funcionamento

Unha vez constituído o Consello Xeral de Participación Cidadá, elaborarán un regulamento interno de funcionamento, que deberá ser aprobado polo Pleno, tras o ditamen da comisión correspondente. Este regulamento terá en conta o principio de igualdade e a transversalidade de xénero.

Ante calquera dúbida, se acordará o que dispoña a lexislación de réxime xurídico.

#### **Artigo 67.** Funcións da Concellaría de Participación Cidadá

A Concellaría de Participación Cidadá:

1. Velará polo correcto funcionamento deste regulamento e pola boa relación entre os órganos de participación e o concello.
2. Entregará, a ser posible, de maneira telemática as actas dos acordos tomados nos plenos a todos os órganos de participación.
- 3.- Garantirá o cumprimento do principio de igualdade e a transversalidade de xénero na súa actuación.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

#### **PRIMEIRA**

O Concello de Narón, no exercicio da súa autonomía organizativa, poderá crear outros órganos municipais de participación diferentes dos previstos no presente regulamento, respectando a organización básica prevista polas leis.

#### **SEGUNDA**



As dúbidas que suscite a interpretación e aplicación deste regulamento serán resoltas pola Alcaldía, tras o informe da Delegación de Participación Cidadá, de conformidade co establecido na vixente lexislación de réxime local e nos acordos municipais.

### **TERCEIRA**

O non previsto polo presente regulamento estarase ao disposto nas seguintes normas: a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril; o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro; Lei orgánica 4/2001, do 12 de novembro, reguladora do dereito de petición; e a Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Desde a data de entrada en vigor do presente regulamento quedan derogadas todas as disposicións contidas nas ordenanzas e regulamentos municipais que se opoñan ao disposto neste.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente regulamento, unha vez sometido a información pública e aprobado definitivamente polo Pleno municipal, entrará en vigor aos quince días da súa publicación no BOP e transcorrido o prazo disposto no artigo 65 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Narón, \_\_\_de \_\_\_\_\_ de 2019

A alcaldesa

Marián Ferreiro Díaz